

Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****LALÍN****Persoal, oposicións***CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A O
NOMEAMENTO EN PROPIEDAD POLO PROCEDIMENTO ORDINARIO MEDIANTE
OPOSICIÓN LIBRE DE UNHA (1) PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A*

Por Acordo da Xunta de Goberno de data 15/05/2026 aprobouseas bases reguladoras do proceso de selección para o nomeamento en propiedade polo procedemento ordinario mediante oposición libre dunha (1) praza de Arquitecto/a Técnico/a, grupo A2, escala Administración Especial, subescala Técnica.

O anuncio da convocatoria das bases do proceso de selección será publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no Diario Oficial de Galicia (DOGA) e por último no Boletín Oficial do Estado (BOE), tal e como se establece legalmente.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ó Señor Alcalde, presentada no Rexistro Xeral do Concello ou ben na sede electrónica deste Concello(<https://lalin.sedelectronica.gal>),na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Sétima desta convocatoria,durante o prazo deVINTE (20) DÍAS NATURAIS contados desde o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

As bases íntegras atópanse publicadas na sede electrónica do Concello de Lalín (<https://lalin.sedelectronica.gal>), no taboleiro de anuncios do Concello, e na web municipal (www.lalin.gal), onde se publicarán os sucesivos anuncios desta convocatoria.

Lalín, na data da sinatura electrónica
Alcalde do Concello de Lalín
José Crespo Iglesias

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:L5NOM68PMA75070T

